

### ACTA MESA DE CONTRATACIÓN

#### **ASUNTO.- CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO DE UNIFORMIDADE PARA A POLICIA LOCAL DE LUGO. EXP. REF. 2024/C004/000007. APERTURA DE DECLARACIONES RESPONSABLES E MEMORIA ASI COMO CAIXA COAS MOSTRAS DE PRENDAS**

Sendo as 9:00 horas do día 29 de agosto de 2024 no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (situado na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Lugo e actuando como vocais:

- Don Luis Ramón Vázquez Parga, Interventor Municipal.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Titular de Asesoría Jurídica.
- Don José Manuel Río Espiño, Inspector da Policía Local

E actuando como Secretaria, dona Eva Díaz López, Técnico do Servizo de Contratación e Patrimonio.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e se procede a dar conta ós seus membros dos licitadores que presentaron oferta de forma telemática a través da plataforma Electrónica LECOL do Concello de Lugo, e que resultaron ser:

- SAGRES S.L.

A continuación dase conta de que, unha vez comprobada a documentación relativa ao arquivo correspondente á **DECLARACIÓN RESPONSABLE E OUTRAS DECLARACIONES**, resulta correcta polo que a Mesa **acorda admitir á dita licitación ao licitador presentado a este procedemento.**

A continuación procédese á apertura do arquivo **correspondente á MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA DAS PRENDAS (APARTADO 5 DO PREGO TÉCNICO) así como a CAIXA COA MOSTRA DE PEZAS DE VESTIARIO** presentada no Rexistro Xeral do Concello de Lugo.

A Mesa acorda a remisión da Memoria e da caixa as mostras presentadas a emisión de informe técnico da policía local do Concello de Lugo para a realización das probas indicadas na cláusula décimo segunda aos efectos de proceder á avaliación dos materiais ou das técnicas das confeccións realizadas que supoñan melloras na ergonomía ou durabilidade das pezas así como revisión da documentación técnica presentada na Memoria para comprobación de que cumpren os requisitos técnicos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas.

## CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/cbg

Refº: subminist vestuario uniformidade Policía. Exp ref: 2024/C004/000007

Asunto: acta admtva e tecnica

**O que se lle notifica aos licitadores con indicación de que contra a decisión da Mesa de Contratación de admisión de ofertas poderán interpoñer os seguintes recursos:**

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 9:15 horas

A PRESIDENTA (firma dixital ao marxe)  
Ana Tabarés Martínez

A SECRETARIA  
Eva Díaz López